



Concello de Meaño

SUBVENCIONS E AXUDAS

SUBVENCIONS BASES REGULADORAS AXUDAS PARA O TRANSPORTE CURSO 2020/2021.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria de data 14 de setembro de 2020, acordou aprobar as BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN MUNICIPAL DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DIRIXIDAS A ESTUDANTES QUE CURSEN ESTUDOS FÓRA DO CONCELLO DE MEAÑO CURSO 2020/2021, mediante o presente anuncio procedese a súa convocatoria; tendo en conta que o prazo de presentación de solicitudes será de un mes, contados desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

“BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN MUNICIPAL DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DIRIXIDAS A ESTUDANTES QUE CURSEN ESTUDOS FÓRA DO CONCELLO DE MEAÑO CURSO 2020/2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española de 1978 consagra, no seu artigo 27, o dereito á educación, correspondéndolle aos poderes públicos garantir este dereito. Así mesmo, no artigo 9 establécese que lle corresponde ós poderes públicos, entre outros, promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integren sexan reais e efectivas e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de tódolos cidadáns na vida político, económica, cultural e social. Pola súa parte o artigo 40 establece que os poderes públicos promoverán as condicións favorables para o progreso social e económico e fomentarán unha política que garanta a formación.

A Lei 7/1985, Reguladora das bases de réxime local, no seu artigo 25.2 modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local, atribúe ós concellos competencias en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, no artigo 80 establece que os concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades dos cidadáns.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación no seu artigo 3.2 establece como ensinanzas que ofrece o sistema educativo a educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional, ensinanza de idiomas, artísticas deportivas, educación de persoas adultas e ensinanza universitaria.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia no artigo 1.3, reconece que un dos obxectivos da Lei, é a posibilidade de coordinación do sistema galego de servizos sociais cos demais elementos do sistema galego de benestar e coas políticas públicas sectoriais que incidan sectorial ou transversalmente na mellora do benestar da cidadanía galega. A mesma Lei 13/2008, no seu artigo 3 establece como obxectivos do sistema galego de servizos sociais, entre outros, dar protección e oportunidades sociais e educativas, proporcionar oportunidades e recursos que garante a igualdade e facilitar a aplicación efectiva nos seus servizos e programas de políticas transversais que incidan na eliminación de todo tipo de discriminación selectiva e





Concello de Meaño

exclusión social; e garantir o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas.

Por último, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. O artigo 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Os concellos configúranse como as institucións máis próximas ós cidadáns e, en consecuencia, están en situación de avaliar en mellores condicións o grao de diversidade da demanda de atención social, artellar a oferta e optimizar recursos. En base a todo o anterior o Concello de Meaño sendo coñecedor das necesidades de recursos para as/os estudantes e das carencias deses recursos, considera necesario o establecemento de axudas para transporte co obxecto de facilitar o acceso dos mozos/as do Concello de Meaño ós diversos estudos regrados fóra do termo municipal.

Nesta marco normativo e para a consecución das políticas sociais e educativas sinaladas, dende o Concello de Meaño, considérase necesario impulsar, dende o ámbito das competencias municipais, e mediante os instrumentos legais oportunos, as axudas para transporte para os/as alumnos/as residentes e empadroados/as en Meaño que cursen estudos regrados fóra do termo municipal e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos.

Por todo isto, convócase un programa de axudas municipais para gastos do transporte de estudantes, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

BASES

Primeira. Obxecto e finalidade.

É obxecto das presentes Bases, polo procedemento de concorrencia competitiva e convocatoria regular o procedemento para a concesión de axudas para transporte para alumnos/as residentes e empadroados/as en Meaño que cursen estudos regrados fóra do termo municipal, para o curso 2020/2021 .

As axudas van dirixidas a familias con dificultades socioeconómicas e teñen por finalidade última apoiar ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poidan afrontar este gasto, de xeito que estas situacións non mingüen o dereito ao acceso á educación en condicións de igualdade.

Estas axudas outorgáranse de acordo aos principios establecidos no artigo 5.2 da lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, que establece que:

“A xestión das subvencións á que se refire a presente Lei realizarase de acordo os seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.*
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos”*

Segunda. Dotación orzamentaria

Crédito máximo destinado á financiación destas axudas ascende a:





Concello de Meaño

- 3.500,00 €, con cargo á partida 231.48005 do Orzamento Municipal 2020. En ningún caso, a suma das axudas concedidas para o transporte para cursar estudos regrados fóra do termo municipal poderán superar esta contía.

Terceira. Compatibilidade

As axudas concedidas en virtude das presentes bases serán compatibles con calquera outra axuda que poida percibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo subvencionado.

Cuarta. Contía das axudas.

Concederáse unha única axuda para todo o curso lectivo, establecendo como criterio de concesión a distancia que existe entre o Concello de Meaño e a localidade do centro de ensino onde estea matriculado/a, segundo o baremo que figura a continuación:

DISTANCIA	AXUDA MÁXIMA ANUAL
< = 12 Km (Vilalonga- Cambados)	100,00 €
13-30 Km (Vilagarcía- Pontevedra)	130,00 €
31-55 Km (Vigo)	150,00 €
56-80 Km (Santiago)	180,00 €
> =81 Km	200,00 €

Quinta. Beneficiarios


Poderán beneficiarse destas axudas de transporte regulamentadas nas presentes bases as persoas de nacionalidade española, residentes e empadroadas no Concello de Meaño, que reúnan os requisitos establecidos na base quinta.

Así mesmo, as persoas estranxeiras empadroadas e residentes no Concello de Meaño, poderán igualmente ser beneficiarias, sempre que se atopen en situación administrativa regular e cumpran as condicións establecidas na Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, e os requisitos establecidos nestas bases.

Sexta. Requisitos necesarios dos beneficiarios

Para ser beneficiarios das axudas establecidas nestas bases, as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1) Ser residente e figurar empadroado/a no Concello de Meaño (comprobarase de oficio polo propio concello).
- 2) Ter presentada en tempo e forma a correspondente solicitude, segundo o establecido na base décima.
- 3) Estar matriculado/a ou ter reserva de matrícula para o curso académico 2020/2021, en réxime presencial ou semipresencial nas seguintes ensinanzas:
 - a) Ensinanza universitaria.





Concello de Meaño

- b) Ensinanzas artísticas superiores: estudos superiores de música e danza, ensinanzas de arte dramático, ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais e estudos superiores de artes plásticas e deseño.
 - c) Formación profesional nas modalidades de grao medio e superior.
 - d) Bacharelato
4. Estar ó corrente de obrigas coa axencia tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Meaño.
5. Non estar incurso/a en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/ 2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións para obter a condición de beneficiario/a da subvención. Este extremo acreditarase mediante declaración responsable asinada polo/a solicitante.
7. Non superar os ingresos anuais da unidade familiar en que estea integrado o/a solicitante a cantidade de 1,5 veces o salario mínimo interprofesional (16.200 €/ano).

Sétima. Solicitude e documentación necesaria

As solicitudes para participar na presente convocatoria axustaranse ó modelo establecido (ANEXO I) que estará a disposición dos interesados na páxina web do Concello.

A presentación de solicitudes, unha vez cumprimentadas polos interesados, farase na Sede Electrónica do Concello de Meaño concellodemeano.sedelectronica.gal ou no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera das formas establecida no artigo 16.4 da Lei 39/ 2015, do 01 de outubro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e deberá acompañarse da seguinte documentación:

1. DNI do Solicitante e de todos os membros da unidade familiar.
2. Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2019 de TODOS OS membros que compoñen a unidade familiar. No caso de non estar obrigado pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) a presentala, deberá achegar certificación de imputacións renda exercicio 2019 emitida ó respecto pola AEAT; de non ter tributado en España, deberán achegar a declaración da renda ou imposto equivalente no país correspondente; de non constar ningún dato, deberá xustificar os ingresos familiares mediante a presentación dalgún dos seguintes documento, todos eles referidos ó exercicio 2019:

*Certificado do INEM, no caso de recibir prestación ou subsidio de desemprego

*Certificación do Instituto da Seguridade Social ou organismo correspondente no caso de percibir prestación contributiva de xubilación, invalidez, viuvez ou orfandade.

*Certificación acreditativa no caso de percibiren ingresos procedentes de pensións non contributivas, fondos de asistencia social, rendas de integración social de Galicia ou da lei de integración social de minusválidos

3. Xustificante de matrícula ou certificado de escolarización do centros educativo relativo ó curso 2020-2021 onde se cursen as ensinanzas reguladas na base quinta do/a estudante beneficiaria/o da axuda.

4. Para os casos nos que a capacidade económica da unidade familiar experimentase un deterioro significativo en relación co exercicio utilizado para a análise da situación económica, os solicitantes interesados poderán manifestar tal circunstancia acreditando a nova situación económica, achegando a documentación xustificativa correspondente ós 5 meses anteriores á





Concello de Meaño

convocatoria así como a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do ano 2019

5. No caso de separación ou divorcio, será necesario achegar a sentenza recaída e/ ou convenio regulador correspondente.
6. No caso de familia monoparental, será necesario achegar documentación acreditativa de dita situación. Certificado expedido pola xunta de Galicia
7. No caso de familia numerosa, será necesario achegar documentación acreditativa de dita situación. Título ou libro de familia numerosa
8. No caso de discapacidade, será necesario achegar documentación acreditativa de dita situación. Certificado do grao de discapacidade
- 9.- No caso de outros membros da unidade familiar, distinto do solicitante, estudando fóra do concello de Meaño distinto ó solicitante. xustificante da matrícula ou certificado de escolarización para o curso 2020-2021 do centro educativo onde se cursen ensinanzas.
10. Certificación bancaria que acredite a titularidade ou cotitularidade do/da estudante solicitante da conta na que se efectuara o ingreso corresponde á axuda.
- 11 ANEXO II – declaración responsable e de axudas
12. ANEXO III- información básica sobre protección de datos.

Oitava. Renda familiar.

1. Enténdese por renda familiar a renda a suma da base imponible xeral e a base imponible de aforro, da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, correspondentes ó exercicio 2019 e a todos os membros computables.

No caso de xustificar os ingreso mediante algún dos certificados co e todos os integrantes da unidade familiar dividida entre o número de membros da unidade computables.

Novena. Determinación da unidade familiar

1. Para os efectos previstos nesta orde, e con referencia á situación familiar en 31 de decembro de 2019, considérase que conforman a unidade familiar:
 - o O/A Solicitante
 - o O pai, a nai, non separados legalmente, o/a titor/a ou persoa encargada da garda e protección dos menores que formen a unidade familiar
 - o Os/as irmáns/fillos ou fillas menores de idade, con excepción dos emancipados.
 - o Os/as irmáns/fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - o Os/as irmáns/fillos ou fillas solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar e non teñan recursos económicos
 - o A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos.
2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo





Concello de Meaño

pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles, e que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente xustificante de empadroamento de convivencia.

3. No caso de falecemento dalgún dos proxenitores que convivan co causante, acreditarase a circunstancia mediante un certificado de defunción.
4. Os casos de separación ou divorcio acreditaranse mediante sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a custodia do/a solicitante.
5. No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.
6. Nos supostos en que o causante da axuda sexa un menor en situación de acollemento, será de aplicación á familia de acollida o disposto nos puntos anteriores.

Décima. Criterios de valoración.

A valoración das solicitudes realizarase aplicando o seguinte baremo:

a. Ingresos económicos: para a súa ponderación tomarase como referencia o salario mínimo interprofesional (SMI) fixando como importe máximo de ingresos a cantidade resultante de multiplicar por 1,5 o SIM 2019 (16.200 €/ano)

Ingresos anuais Per Capita:

Desde	Hasta	Puntuación
0,00 €	2.700,01€	10 puntos
2.700,02 €	5 400,01 €	8 puntos
5.400,02 €	8.100,03 €	6 puntos
8.100,03 €	10.800,04 €	4 puntos
10.800,05 €	13.500,06 €	2 puntos
13.500,07 €	16.200,00 €	1 punto

b. Situación familiar: familia numerosa, familia monoparental, discapacidade, membros da unidade familiar estudando fóra da localidade distinto ó solicitante.

SITUACIÓN FAMILIAR	PUNTOS
1. Familia numerosa xeral	10
2. Familia numerosa especial	15
3. Familia monoparental	15
4. Discapacidade do solicitante	15
5. Discapacidade dalgún membro da unidade familiar distinto ó solicitante	10
6. Membros da familia estudando fóra da localidade distinto o solicitante:	





Concello de Meaño

1 membro	5
2 membros	10
Mais de 2 membros	15

A puntuación a asignar a cada solicitude virá dada pola suma da puntuación acadada nos dous apartados anteriores; determinando, de forma decrecente, a orde de concesión a maior puntuación acadada. O límite do número das axudas a conceder virá determinado polo crédito da aplicación orzamentaria.

Décimo primeira. Publicidade e prazo de presentación de solicitudes

a) Publicidade

A publicación das presentes Bases realizarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, na páxina web do Concello de Meaño www.concellodemearno.com e no Boletín Oficial de Pontevedra.

As axudas que se concedan a través deste programa unha vez resoltas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, con expresión do DNI (ordenado numericamente) do solicitante e a resolución recaída (concedida-denegada ou lista de agarda e importe concedido).

b) Prazo

O prazo de presentación de solicitudes será de **un mes**, contados desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, segundo a LXS (arts. 17.3.b), 18 e 20.8 en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións (Resolución IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015).

Décimo segunda . Emenda de solicitudes

De acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, para aquelas solicitudes que non estean correctamente cubertas ou non acheguen os documentos preceptivos, o Concello requirirá a persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

Décimo terceira. Instrución e resolución

O procedemento será instruído pola informadora xuvenil e/ou da educadora familiar deste Concello, ou na súa ausencia o empregado público que a Alcaldía propuxera, que realizarán de oficio cantas actuacións estimen necesarias para o coñecemento e comprobación dos datos así coma os requirimentos de subsanación de deficiencias da documentación.

Recibidas as solicitudes procederase a súa tramitación. Comprobado que os solicitantes cumpren os requisitos esixidos nestas bases e que se achega a documentación requirida darase traslado dos expedientes de solicitude á Comisión de Valoración, que estará integrada polo alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, informadora xuvenil ou educadora familiar, traballadora social e unha funcionaria municipal, que actuará como secretaria.





Concello de Meaño

Avaliadas as solicitudes, segundo os criterios regulados na base décima os expedientes serán elevados a Comisión Informativa Permanente de Asuntos Sociais, que formulará proposta de resolución, que conterá todos/as os/as solicitantes que participan na convocatoria, os/as alumnos/as, centro e localidade no que cursan estudos, puntuación acadada e proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedida, denegada ou lista de garda):

- Concedidas: reseñarse a subvención individual de cada beneficiario/a, e importe; tendo en conta que o importe total das mesmas non pode superar o crédito consignado.
- Denegadas: farase constar algúns dos seguinte motivos:
 - o A solicitude foi presentada fora de prazo.
 - o Non achegan a documentación requirida.
 - o Non estar empadroados/as.
 - o Non matriculado nun nalgún dos estudos referenciados
 - o Supera ingresos.
 - o Outros, especificar.
- Lista de garda: coa súa correspondente orde de puntuación.

A Xunta de Goberno Local, coa proposta da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Sociais, acordará a concesión definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria do Orzamento Municipal do Concello de Meaño 2020: 231.48005.

Décimo cuarta: Prelación na concesión de axudas no caso de máis dunha solicitude por unidade familiar.

No caso de haber máis dun membro da mesma unidade familiar solicitante da axuda, concederáselle ao solicitante que curse estudos na localidade máis distante da residencia familiar sempre que cumpra cos requisitos esixidos nestas bases.

De quedar crédito dispoñible na aplicación orzamentaria, procederase a efectuar unha segunda ronda de valoración segundo os criterios sinalados na base novena, determinando o límite de concesión de axudas a existencia de crédito dispoñible.

Transcorridos tres meses, a partires do día seguinte do remate do prazo de presentación das solicitudes, sen que os interesados obteñan resposta expresa, entenderase desestimada a petición.

Décimo quinta. Obrigas dos beneficiarios.

A concesión da axuda comporta, ademais das obrigas previstas nestas Bases e das sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as seguintes:

1. Seguir as directrices que marcan as bases da convocatoria e destinar o importe da axuda na súa integridade á gastos de transporte durante do curso académico para o cal se solicitou a axuda.
2. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.





Concello de Meaño

3. Comunicar ao Concello de Meaño a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.
4. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, segundo se establece no artigo 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O Concello de Meaño poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Décimo sexta. Pagamento e xustificación

De conformidade co establecido no Artigo 30,7 da Lei/38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE nº 276, 18 de novembro 2003) a concesión de becas e axudas ó transporte que se convocan seguindo estas bases, requirirá a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nestas bases.

Pagamento. No prazo dun mes posterior a resolución destas axudas procederase ao pago da axuda mediante transferencia bancaria na conta bancaria designada na solicitude.

Xustificación. Durante os meses de agosto e setembro do ano 2021, o Concello de Meaño verificará o cumprimento da finalidade da axuda concedida para o que deberá quedar acreditado o feito de que o beneficiario asistiu ás actividades formativas que serviron de base para a concesión da axuda.

A tal efecto, antes do remate do mes de setembro de 2021, o/a beneficiario/a deberá xustificar que ten superado o 25% dos créditos ou 25 % das materias do curso 2020-2021, quedando excluídas as convalidadas, recoñecidas ou adaptadas.

No caso de non acreditar os devanditos extremos, procederán o reintegro das cantidades percibidas, máis os xuros de demora correspondentes.

Décimo sétima. Control, aplicación e revisión das axudas.

1. Concello de Meaño poderá requirirle á persoa solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para complementar o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos consignados polos peticionarios.
2. O Concello de Meaño poderá realizar, mediante os procedementos legais pertinentes, as comprobacións oportunas respecto ao destino e aplicación das subvencións, para o cal, as persoas beneficiarias, quedan obrigadas a facilitarlles tanta información lles sexa requirida.
3. Calquera alteración que se produza nos datos contidos na solicitude ou na documentación que a acompaña será comunicada polo solicitante ao Concello de Meaño.

Décimo oitava. Cancelación

Poderán ser canceladas as axudas a aqueles beneficiarios que incumpran ou falseen algún dos requisitos esenciais que figuran nestas bases, mediante resolución do órgano competente.

Décimo novena. Devolución e reintegro





Concello de Meaño

As axudas concedidas, xunto cos xuros de demora, deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Obtención da subvención sen reunir as condicións requiridas para a súa concesión.
- Incumprimento da finalidade para a que foi concedida, a tal efecto estarase ao sinalado na base décimo sexta.
- Demais supostos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

Duodécima.- Interpretación

Calquera dúbida que puidera xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta pola Xunta de Goberno.

Duodécima primeira. Protección de datos

Os datos de carácter persoal, recollidos na solicitude, formarán parte dun ficheiro de titularidade do Concello de Meaño e quedarán sometidos á protección establecida pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A presentación da solicitude carrega a autorización do solicitante para tratalos de xeito automático e cedelos, para fins de avaliación, seguimento e control ó órgano avaliador e ós organismos de control comunitarios e nacionais no seu caso.

Duodécima segunda. Norma final.

En todo o non previsto nas presentes bases, serán de aplicación: Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Bases de execución do Orzamento do Concello de Meaño e demais normativa aplicable.

Duodécima terceira. Recursos.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ó da súa notificación de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Pontevedra do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, conforme ós artigos 8.1 y 46.1 da Lei 29/98, de 3 de xuño, Contencioso-Administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este se resolverá e notificará no prazo dun mes segundo establece o artigo 124 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 y 4 de la 29/98.”





Concello de Meaño

En Meaño, o alcalde Carlos Vieitez Fernández

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

